

Proyecto Lingüístico
de Centro
IES SALVATERRA
2022-2026

ÍNDICE

1. MARCO LEGAL (px 3)

2. CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO (px 3)

3 DISTRIBUCIÓN DAS LINGUAS POR MATERIAS (px 4)

4

5 MEDIDAS A ADOPTAR PARA O ALUMNADO SEN A SUFICIENTE COMPETENCIA LINGÜÍSTICA PARA SEGUIR AS
ENSINANZAS (px 20)

6

7 OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DO GALEGO (px 28)

1 MARCO LEGAL

O presente documento dimana da seguinte normativa:

- **Lei 3/1983**, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística
- **Decreto 79/2010** do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario.
- **Lei orgánica 8/2013**, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa

2 CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO

INTRODUCCIÓN

O IES Salvaterra de Miño está integrado por 17 parroquias e é lindeiro cos concellos de As Neves, Mondariz, Pontearreas, Salceda de Caselas e co río Miño, que o separa de Portugal.

A lingua propia da zona é o galego e o concello presenta certa oferta cultural, nomeadamente nos meses de verán. Destacamos a celebración todos os anos do Festival de Poesía do Condado, que difunde a obra de novos/as creadores/as galegos/as, ou o festival O Son da Muralla.

O claustro de profesores do presente curso está formado por 46 docentes, Practicamente todo o profesorado está capacitado para o uso da nosa lingua de xeito oral; é a lingua que maioritariamente se escoita en calquera reunión do claustro e outras actividades da vida académica.


A maior parte dos alumnos proveñen das 17 parroquias do concello de Salvaterra de Miño. Hai un grupo minoritario de alumnos doutros concellos (Pontearreas, Salceda de Caselas). En todos eles hai un predominio de galegofalantes.


BREVE ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO

Cómpre indicar que no período 18-22 se fixera un estudo sociolingüístico a través de enquisas de elaboración propia que foron cubertas polo alumnado e o claustro. Deste xeito obtivemos información actualizada sobre uso, destrezas e actitudes entre os distintos sectores da comunidade educativa, para trazarmos este panorama.

Situación do alumnado

No tocante ao corpus das enquisas, dos 449 alumnos matriculados en 2018 no centro contamos con 363 respostas. Cómpre engadir que deste alumnado no curso 17-18 temos 31 rapaces que veñen de fóra de Galicia, sobre todo Portugal, Brasil e outras CCAA, polo que a distancia entre a lingua primeira e o galego é escasa. Velaquí os datos cos números totais de respostas:






Estes datos, que no trazo grosso nos mostran que o galego é unha lingua ben viva entre o noso alumnado, e cunha forte presenza ambiental e relacional entre eles, deixa albiscar unhas dinámicas negativas que son o campo de traballo do EDLG. Así, ao compararmos **lingua inicial** con **lingua habitual** vemos que co paso dos anos imos perdendo falantes (do 33% ao 15%). Do mesmo xeito, a porcentaxe de rapaces que falan só galego ou máis galego na casa (46%) é máis alta ca no ámbito das amizades (40%); pola contra, mentres que os falantes de castelán no ámbito familiar é dun 43%, coas amizades chega ao 57%. Se ademais cruzamos a variante de uso do galego coa de hábitat, vemos que as bolsas de falantes que se manteñen fieis á lingua residen nas parroquias da contorna, mentres que na vila o galego vai restrinxindo o seu uso entre os mozos.

En canto ás destrezas cómpre facermos unha profunda autocrítica, tanto coma docentes de lingua como pola falta de equidade entre as linguas oficiais. Algo non se está a facer ben cando nun contorno galegofalante existe tanta diferenza a prol da castelán cando se lles

pregunta en que lingua están máis cómodos para falar, ler ou escribir. Se ben é certo que aquí poden operar os prexuízos lingüísticos, dos que a continuación falaremos, así como a certeza de que os galegofalantes adquiren unha competencia en castelán, por mor da presenza ambiental da lingua, que non é a mesma na dirección inversa para os castelán falantes.



En canto ás actitudes, presentamos tres enunciados que tamén clarifican o panorama abondo:




Se ben é certo que a inmensa maioría mostra opinión positivas verbo da utilidade do galego, a porcentaxe baixa notablemente en canto a relacionamos co lecer, os videoxogos e internet, velaquí, ao noso modo de ver, parte da explicación da perda de falantes respecto á lingua inicial. Dunha situación de partida semellante, o galego convértese na **lingua feble, marcada, para se comunicar entre iguais**. Non é a lingua do seu ocio, nin atopan nela modelos atraentes para crear un vínculo persoal, de amizade e moderno. Por iso, cando un grupo de rapaces interactúa nos dous idiomas, o forte, o de prestixio, o de fóra, o dos xogos ou internet, acaba por gañar terreo á lingua propia, de “andar pola casa”. Contra isto temos que loitar, ofrecendo actividades lúdicas, creativas e atraentes que liguen a nosa lingua á idea de modernidade e gañe en prestixio fronte a estes vellos e pétreos prexuízos.

Profesorado

O claustro do IES Salvaterra estaba composto ese curso por 46 profesores, dos cales obtivemos 31 respostas á enquisa sociolingüística. Os resultados son representativos do uso, competencia e actitudes cara ao galego, da seguinte maneira:



O feito de partirmos dun 63% de castelán falantes iniciais, remítenos á orixe socioeconómica da meirande parte do profesorado, así como o maior uso na actualidade está asociado a unha maior competencia en galego debido á formación e á propia concienciación lingüística. No tocante á capacitación, as enquisas mostran estes positivos resultados:




As actitudes lingüísticas e a predisposición a mellorar a situación actual son tamén altamente positivas. Aos enunciados “a adquisición de dúas ou máis linguas en galego enriquece”, “as matemáticas e o ámbito sociolingüístico pódese aprender en galego” e “o ensino en galego axuda a fomentar o prestixio social da lingua”, recibiron, en todos os casos, a resposta TOTALMENTE DE ACORDO en máis do 90%. En canto a se se "debería usar máis o galego en Galicia" un 75% está bastante ou totalmente de acordo. A propósito das horas e materias que se imparten no noso idioma, un 46% pensa que son as xustas e un 54% insuficientes.

Todos estes datos mostran un claustro con conciencia lingüística e receptivo a implantar medidas a prol da lingua galega.

Familias

A información da lingua no ámbito familiar é indirecta, pois non lles pasamos enquisas ás familias, pero si preguntamos polo uso do galego nas casas do noso alumnado, e tiramos o seguinte gráfico que corrobora os datos do IGE:



Observamos, xa que logo, a confirmación da **quebra da transmisión xeracional da lingua galega en Salvaterra**.

Marcamos como obxectivo realizar novos estudos para valorar os cambios nesta perda da lingua galega como lingua inicial e o dominio esmagador do castelán como lingua vehicular.

Centro educativo

A lingua galega emprégase no noso centro en todos os documentos oficiais (convocatorias, actas, follas informativas...) e nos horarios, taboleiros de anuncios, na páxina web, na biblioteca, nos carteis... É tamén lingua maioritaria na comunicación oral (en reunións de traballo, claustros de profesorado...). Contamos tamén cun fondo amplo de material bibliográfico e audiovisual, e cómpre destacar o total apoio do equipo directo ao traballo do EDL así como a coordinación e cooperativismo co equipo da Biblioteca, do que o coordinador de Dinamización forma parte.

3 DISTRIBUCIÓN DAS LINGUAS POR MATERIAS

3.1 ESO

GALEGO / CASTELÁN / LG ESTRANXEIRA

MATERIAS	CURSOS				
	1º	2º	3º	4º	
				Académicas	Aplicadas
Lingua Galega e Literatura	4	3	3	3	3
Lingua Castelá e Literatura	4	3	3	3	3
Primeira Lingua Estranxeira	3	3	3	3	3
Matemáticas	5	5			
Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas			4**	4	
Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas			4**		4
Xeografía e Historia	3	3	3	3	3
Biloxía e Xeoloxía	4		2	3 **	
Física e Química		3	2	3 **	
Educación Física	2	2	2	2	2
Relixión / Valores Éticos	1	1	1	1	1
Titoría	1	1	1	1	1
Segunda Lingua Estranxeira	2	2	2 *	3 *	3 *
Educación Plástica, Visual e Audiovisual	2		2	3 *	3 *

MATERIAS	CURSOS				
	1º	2º	3º	4º	
				Académicas	Aplicadas
Música		2	2	3 *	3 *
Tecnoloxía		3	2		3 **
Cultura Clásica			2 *	3 *	3 *
Economía				3 **	
Latín				3 **	
Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial					3 **
Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional					3 **
Cultura Científica				3 *	3 *
Filosofía				3 *	3 *
Tecnoloxías da información e da comunicación				3 *	3 *
Libre configuración do centro (ITI EN 1º / ORATORIA 2º)	1	1			
TOTAIS (GAL/CAST)	32 (13/13)	32 (12/14)*	32 (14/14)	32**	32**

*As materias con linguas marcadas no Decreto 79/2010 e a súa carga horaria na LOMCE imposibilitan un reparto igualitario entre as materias en galego e castelán.

**A oferta é equitativa nos itinerarios de Académicas e Aplicadas, así como na distribución das Específicas de Opción como Troncais de Opción. Agora ben, a carga horaria nunha ou outra lingua vai depender da escolla do alumnado e de que se afiance unha ou outra materia segundo a demanda.

3.2 BAC

GALEGO / CASTELÁN / LG ESTRANXEIRA

1º de bacharelato

Materias	Modalidade Humanidades e ciencias sociais		Modalidade de Ciencias
	Humanidades	Ciencias sociais	
Lingua Galega e Literatura I	3	3	3
Lingua Castelá e Literatura I	3	3	3
Primeira Lingua Estranxeira I	3	3	3
Filosofía	3	3	3
Educación Física	2	2	2
Latín I	4		
Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I		4	
Economía	4 **	4 **	
Grego I	4 **	4 **	
Historia do Mundo Contemporáneo	4 **	4 **	
Literatura Universal	4 **	4 **	
Matemáticas I			4
Bioloxía e Xeoloxía			4 **

Materias	Modalidade Humanidades e ciencias sociais		Modalidade de Ciencias
	Humanidades	Ciencias sociais	
Debuxo Técnico I			4 **
Física e Química			4 **
Fundamentos da Arte I			
Cultura Audiovisual I			
Materias específicas de opción e libre configuración	6	6	6
Totais	32	32	32

Materias específicas de opción e libre configuración

Materias específicas de opción Elixir un mínimo de 2 e un máximo de 3	Horario
Cultura Científica	2
Debuxo Artístico I	3
Linguaxe e Práctica Musical	3
Segunda Lingua Estranxeira I	2
Tecnoloxía Industrial I	3
Tecnoloxías da Información e da Comunicación I	2
Relixión	1

Libre configuración	Horario
Libre Configuración do Centro. Obradoiro de comunicación	1

* A oferta lingüística das materias mantén o equilibrio segundo as materias sexan troncais, específicas de modalidade-opción ou de libre configuración. Aínda así, a matrícula das diferentes materias específicas (segundo saian adiante ou non en setembro co número definitivo de matrículas, así como as escollas de cadaquén) pode provocar un pequeno desequilibrio a favor dunha ou doutra lingua vehicular. Por isto cada ano cómpre revisar na addenda cos itinerarios xa consolidados.

2º de bacharelato

Materias	Modalidade Humanidades e Ciencias Sociais		Modalidade de Ciencias
	Humanidades	Ciencias Sociais	
Lingua Galega e Literatura II	3	3	3
Lingua Castelá e Literatura II	3	3	3
Primeira Lingua Estranxeira II	3	3	3
Historia de España	3	3	3
Latín II	4		
Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II		4	
Economía da Empresa	4 **	4 **	
Xeografía	4 **	4 **	
Grego II	4 **	4 **	
Historia da Arte	4 **	4 **	
Historia da Filosofía	4 **	4 **	
Matemáticas II			4
Bioloxía			4 **
Debuxo Técnico II			4 **
Física			4 **

Materias	Modalidade Humanidades e Ciencias Sociais		Modalidade de Ciencias
	Humanidades	Ciencias Sociais	
Xeoloxía			4 **
Química			4 **
Materias específicas de opción e libre configuración	8	8	8
TOTAIS	32	32	32

Materias específicas de opción e libre configuración

Materias específicas de opción Elixir un mínimo de 2 e un máximo de 3	Horario
Análise Musical II	3
Ciencias da Terra e do Medio Ambiente	3
Debuxo Artístico II	3
Historia da Música e da Danza	3
Psicoloxía	3
Segunda Lingua Estranxeira II	3
Tecnoloxía Industrial II	3
Tecnoloxías da Información e da Comunicación II	3
Relixión	1

Materias específicas de opción Elixir un mínimo de 2 e un máximo de 3	Horario
Materia troncal non cursada	4

1

Libre configuración	Horario
Libre Configuración do Centro, Comunicación Audiovisual	1

* A oferta lingüística das materias mantén o equilibrio segundo as materias sexan troncais, específicas de modalidade-opción ou de libre configuración. Aínda así, a matrícula das diferentes materias específicas (segundo saian adiante ou non en setembro co número definitivo de matrículas, así como as escollas de cadaquén) pode provocar un pequeno desequilibrio a favor dunha ou doutra lingua vehicular. Por isto cada ano cómpre revisar na addenda cos itinerarios xa consolidados.

De cara ao curso 23-24 cómpre actualizar estes datos unha vez que xa estea implantado o sistema LOMLOE en todos os cursos.

3.3 FP BÁSICA MADEIRA

Os ámbitos de COMUNICACIÓN E SOCIEDADE e CIENCIAS APLICADAS manteñen a lingua vehicular de referencia das diferentes materias na ESO. Nos módulos formativos utilizaranse as linguas oficiais de tal xeito que se acade a competencia lingüística en ambas as dúas.

3.4 CM SOLDADURA E CALDEIRARÍA

Os módulos formativos, nas súas vertentes teóricas e prácticas, desenvolveranse un 50% en cada lingua oficial, asegurando os procedementos para que o alumnado acade a competencia propia do nivel.

4 MEDIDAS A ADOPTAR PARA O ALUMNADO SEN A SUFICIENTE COMPETENCIA LINGÜÍSTICA PARA SEGUIR AS ENSEÑANZAS

Neste apartado tratamos, por unha banda, do acollemento lingüístico do alumnado sen dominio de ningunha das linguas oficiais vehiculares no ensino, pola outra, daqueles alumnos que cursen a exención de lingua galega.

4.1 Acollemento lingüístico de alumnado estranxeiro

Xustificación

O vehículo imprescindible para a comunicación nunha sociedade é a lingua do país no que se atopa. A lingua é a que nos permite expresar as nosas necesidades, emocións, pensamentos, ideas,... así como comprender as dos demais. Tendo isto en conta o idioma dun país convértese na ferramenta fundamental para favorecer a integración das persoas estranxeiras.

Na escola atopamos escolarizados a todos aqueles rapaces en idade escolar independentemente de súa nacionalidade ou raza. Galicia estase a converter nun país receptor tanto de emigrantes retornados como de persoas inmigrantes.

Por este motivo é preciso deseñar un PLAN DE ACOLLIDADE ALUMNADOESTRANXEIRO no que se recollan os obxectivos que se pretenden co mesmo, así como tamén as pautas de actuación que se van seguir tanto cos nenos/as que se escolaricen no centro como coas súas familias e o profesorado implicado.

Marco legal. Na Lei 1/1990 do 3 de outubro de Ordenación Xeral do Sistema Educativo no seu TítuloV faise referencia á necesidade de actuar dunha forma compensatoria ante diferentes situacións debidas á desigualdade por razóns de nacionalidade ou etnia.

Na nosa Comunidade a Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro onde se recollen as pautas xerais de actuación así como tamén ós alumnos ós que vai dirixido. **Profesorado:** Establecer canles de colaboración entre os diversos profesores que interveñen cos alumnos/as. Optimizar os recursos persoais e materiais do centro co fin de facilitar unha resposta educativa axeitada a todo o alumnado. Orientar ao profesorado na atención aos alumnado estranxeiro, solicitando aos CEFORES formación específica e materiais específicos á Consellería.

As familias: Informar ás familias sobre a dinámica de traballo do centro (RRI, ensinanzas, servizos complementarios, actividades,..) Favorecer a comprensión e participación por parte da familia das medidas adoptadas cos seus fillos.(grupos de adquisición de linguas, matrículas, obradoiros,...). Informar ás familias sobre a traxectoria académica dos seus fillos/as así como asesoralos no momento da promoción e titulación.

Destinatarios Será todo o alumnado que teña unha idade comprendida entre 12 e os 16 anos e que ademais reúnan algunha das necesidades educativas seguintes:

1. descoñecer as dúas linguas oficiais da nosa Comunidade Autónoma (Galego e Castelán) 2. Desfase curricular de dous anos ou máis, con respecto ó que lle correspondería pola súa idade. 3. Presentar graves dificultades de adaptación ó medio escolar por razóns sociais ou culturais. 4. Non estar escolarizado/a anteriormente en España.

Pautas de actuación Para a ensinanza dun idioma é moi importante adoptar o enfoque comunicativo na súa metodoloxía e seguir as fases de aprendizaxe dunha lingua : falar, ler, escribir...recalcar e priorizar a funcionalidade da linguaxe, para alcanzar o maior grao posible de autonomía do/a alumno/a tendo en conta a comprensión e a expresión, especialmente nas primeiras fases da aprendizaxe será o nivel de expresión, posto que na comprensión interveñen unha serie de recursos contextuais que lle serven de apoio.

A coordinación entre todos os membros da comunidade educativa recaerá principalmente no Departamento de Orientación e na Xefatura de Estudos.

Seguiranse as mesmas pautas que para os demais alumnos/as:

- documentación que recolla a información persoal
- información académica

- entrevista coa familia por parte de orientación e xefatura de estudos.
- incorporación do/a alumno/a ó centro e asignación do grupo tendo en conta o seu nivel de competencia curricular.
- transmitir á titoría do alumno toda a información.
- avaliación inicial do mesmo en todas as áreas coordinados polo titoría.
- realización dunha avaliación psicopedagóxica polo departamento de orientación .

Medidas específicas

Grupos de adquisición das linguas :

Agrupamentos flexibles que teñan por obxectivo a aprendizaxe da lingua vehicular do ensino mediante unha atención individualizada. Este grupo levarase a cabo sempre e cando exista un número mínimo de alumnos/as da etapa secundaria. A duración máxima destes grupos será un trimestre e o horario semanal máximo será de 24 sesións.

De todos os xeitos , o/a alumno/a permanecerá na aula de referencia cos seus compañeiros/as nas seguintes áreas: Educación Física, Música, Educación Plástica e Visual e Titoría.

Grupos de adaptación da competencia curricular:

Trátase de agrupamentos flexibles que teñen como finalidade o progreso na súa competencia curricular mediante unha atención máis individualizada co obxectivo final de posibilitar a plena incorporación nas actividades académicas xerais do grupo. A característica principal dos alumnos para pertencer a este grupo é presentar un desfase curricular de dous ou máis anos respecto ó que lle correspondía por idade e estar escolarizado na ESO. As materias obxecto de adaptación serán principalmente de carácter instrumental. O horario máximo de permanencia nestes grupos á semana será de 10 sesións na ESO. E as que se determinen no centro para o resto das ensinanzas.

De tipo curricular

Ao igual que có resto do alumnado tamén se poderán adoptar outro tipo de medidas como son o reforzo educativo, adaptacións curriculares e flexibilización de idade .

Así mesmo é preciso adoptar outro tipo de actuacións: Titoría: organizar sesións para integrar ó/á alumno/a ou alumnos/as novos/as. Creación do/a alumno/a - Titor/a. Traballar temas transversais con todo o grupo-clase (racismo, solidariedade, xenofobia, igualdade entre sexos, paz entre os pobos, ...etc)

Reunións periódicas entre o conxunto de profesores do alumnado para levar a cabo o seguimento do mesmo e propor as medidas correctoras que fosen necesarias. Reunións de avaliación de carácter trimestral, para analizar a evolución do alumno onde se tomarán as medidas necesarias en función dos resultados (continuar no grupo de adquisición de linguas, reforzo educativo, reducir ou aumentar o número de sesións, revisar os contidos e métodos de traballo...).

É preciso levar a cabo actuacións cos pais/nais , para solicitar a súa colaboración na obtención da información e informarllos sobre o funcionamento do centro e as súas características. Ademais é preciso informar ós pais/nais sobre o proceso de escolarización que se vai adoptar co seu fillo/a así como tamén informarllos/as da súa evolución.

Metodoloxía

As programacións de cada área deben ter en conta a heteroxeneidade do/a alumno/a que se atopa na aula, tanto pola súa procedencia como polo seu nivel escolar. Por este motivo é preciso que cada profesor sexa o suficientemente flexible, para adaptarse a cada situación. Algunhas recomendacións a ter en conta:

1. Empregar frases sinxelas
2. Utilizar un vocabulario simple
3. Facilitar ó alumnado a comprensión das mensaxes apoiándose na mímica, debuxos, ilustracións...
4. Utilizar a repetición de palabras ou expresións como estratexias de aprendizaxe da lingua.
5. Facilitar ó alumno as explicacións do profesor en apuntamentos por escrito.
6. Propiciar a participación do alumno na clase para que adquira progresivamente máis seguridade.
7. Realizar preguntas pechadas que permitan unha resposta sinxela.

8. Utilizar contidos do ámbito científico que teñen unha linguaxe directa e sintaxes sinxela.

Recursos

Os recursos a ter en conta neste plan serán de dous tipos:

1.- Recursos persoais: Equipo directivo, orientación, titoría, profesorado das diferentes áreas, profesorado de apoio, creación na aula de alumnado titor, ...

2.-* Recursos materiais: Todos aqueles que se consideren necesarios para acadar os obxectivos que se van dende as propias instalacións do centro(aulas, biblioteca, audiovisuais, ximnasio,...) pasando polos libros de texto, libros de lectura, fichas de reforzo, vídeos, xogos, etc...

Temporalización

A temporalización do programa deberase axustar en todo momento á situación particular de cada alumno/a.

O inicio do programa comeza no mesmo en que o alumnado se escolarice no centro, situación que se pode dar tanto ó comezo de curso como unha vez que xa estea iniciado. Tal como se recolle neste plan hai algunhas medidas de atención que xa veñen delimitadas temporalmente pola Administración Educativa, cuestión que hai que ter moi en conta.

Avaliación

Os criterios de avaliación a ter en conta son:

- 1 Adecuación da medida de atención a cada neno/a
- 2 Grao de satisfacción dos alumnos/as
- 3 Cualificacións dos alumnos /as
- 4 Grao de adecuación das programacións
- 5 Grao de implicación dos diferentes membros educativos
- 6 Grao de satisfacción das familias

4.2 Exención de galego

O alumnado que se incorpore ao sistema educativo de Galicia en ESO ou Bacharelato, procedente doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro, poderá obter unha exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de lingua galega durante un máximo de dous cursos escolares.

O alumnado terá que asistir ás aulas como medio de integración lingüística e coa finalidade de que co seu esforzo persoal, con materiais didácticos específicos e cunha axuda continua do seu profesorado poida ter, ao remate do prazo da exención, un dominio adecuado da lingua galega e seguir as ensinanzas propias do nivel en que estea ou vaia matricularse en igualdade de condicións ca os demais compañeir@s de clase.

A este alumnado facilitaráselle materiais didácticos específicos de apoio e reforzo, tanto na materia de lingua galega como nas outras que se imparten no noso idioma. O profesorado encargado desas materias preocuparase de facer o seguimento dos seus progresos, así como de aclararlles calquera dúbida.

Medidas

- Nas distintas materias ou módulos, valorar positivamente a utilización da lingua de referencia por parte do alumnado, así como o seu grao de corrección.
- Concursos de carácter didáctico: Pasa-Letra para os alumnos da ESO, narrativa, poesía, cómics, elaboración de proxectos relacionados con materias ou módulos, etc.
- Adquisición de materiais en galego e castelán para a impartición das clases.
- Adquisición de materiais en lingua galega e castelá para a Biblioteca do Centro, procurando buscar materiais adaptados ao alumnado. Liberdade de elección do idioma na escolla de libros da biblioteca para a lectura persoal.
- Información a alumnado e profesorado dos diferentes tradutores e correctores en lingua galega e castelá dispoñibles en internet. Así como outros recursos dispoñibles na rede que favoreza o coñecemento das linguas.

- Utilización de materiais para progresar na consecución dunha competencia lingüística en inglés, axeitada ao nivel educativo de que se trate, que facilite que ao remate do ensino secundario se logre un dominio desa lingua oral e escrita en múltiples contextos, e o uso funcional.

5 OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DO GALEGO

Cos datos dimanantes do renovado estudo sociolingüístico, concluímos que o galego, se ben goza dunha forte presenza ambiental na nosa comunidade educativa, tamén é certo que arrastra canda si unha serie de estereotipos e prexuizos de vello.

Así, vimos detectando que o galego é a lingua marcada e feble cando se encontran galegofalantes e castelanfalantes, nese eixo vilego rural que segue a funcionar; estigmatizada xa que logo socialmente sobre todo na súa variedade tradicional. Diagnosticarmos como operan eses prexuizos a través da análise sociolingüística é chave, pois, para deseñarmos as actividades máis acaídas e necesarias.

Con todo, continuaremos a movernos baixo as seguintes premisas xerais: buscamos promover o uso do galego oral e escrito (certames literarios, revista escolar...); estreitar as relacións entre os membros da comunidade escolar, alumnado e profesorado, nais e pais, persoal non docente (facéndoos participantes de concursos, como o de fotografía); potenciar a relación cos centros educativos da nosa contorna, galegos e portugueses (invitándoos a participaren no certame de relatos, colaborando co equipo directivo e o resto dos departamentos na súa visita ao centro na Semana da Ciencia, participando no Correlingua...); colaborar con entidades como o Concello de Salvaterra de Miño (Concurso Slogans Contra Violencia de Xénero...), a AELG, a FANPA do Condado, a ASPG...; incrementar a presenza do idioma na Internet (publicando videopoemas na web, dinamizando o blog Biblioteca-DACE-EDLG...); promover a cultura de noso e a creatividade do alumnado (asistencia a representacións teatrais, cine, concursos...).

Para esta angueira contamos coa colaboración imprescindible do equipo directivo, orientación, os distintos departamento representados na CCP, o equipo da Biblioteca e o EDLG, canle última das actuacións de reforzo e fomento da lingua galega no IES.

No deseño das restantes actuacións, daquela, cómpre afianzar os usos da lingua galega por parte da comunidade educativa que están encamiñadas a unha valoración positiva da lingua propia e da variedade local, é dicir, traballarmos as actitudes e loitar contra os prexuizos.

Para isto trazamos unha serie aberta de actividades propostas desde o EDLG en coordinación co equipo da Biblioteca -con quen colaboramos e deseñamos moitas actividades dinamizadoras- e contamos co amparo do equipo directivo para acadar os seguintes obxectivos que debullamos por sectores.

OBXECTIVOS

Contorno:


- Ofertar actividades culturais diversas en lingua galega.
- Pór en valor e dar a coñecer o patrimonio material e inmaterial do concello.
- Participar nas actividades deseñadas desde o EDLG e o centro en xeral.
- Proporcionarlle aos membros da comunidade educativa información sobre as actividades do equipo.
- Intercambiar experiencias, coñecementos, manifestacións culturais e lingüísticas con outros centros e EDLG da comarca.

Profesorado e alumnado:

- Asesorar no eido lingüístico aos departamentos e profesores que o precisen para realizaren os materiais e actividades que requiran.
- Involucrar o profesorado na interdisciplinabilidade necesaria para o deseño das actividades. Concienciar o profesorado (ademais de persoal non docente e o alumnado), da necesidade de usar o idioma en todos os ámbitos e áreas, implicando todos os axentes no proceso normalizador. O profesorado ten un papel fundamental non só de transmisor senón tamén de axente eliminador de prexuízos; debemos polo tanto procurar que teña as ferramentas e formación necesaria para que se sinta seguro no seu papel normalizador e implicar ao maior número deles en todas as actividades que sexa posible.
- Contribuír á eliminación de prexuízos ou trabas lingüísticas en calquera situación.
- Conseguir e contribuír a que cada vez se estenda máis o uso do galego nas novas tecnoloxías.
- Fomentar a autoestima dos falantes e da variedade lingüística propia.
- Fomentar a lectura en galego así como a creación de textos de todo tipo.

Centro

- Potenciar o uso oral e escrito do galego en todas as actividades do centro.
- Introducir a problemática sociolingüística como tema de reflexión.
- Utilizar a lingua galega como marca de patrimonio e xeito de estar no mundo nas relacións con centros internacionais.



PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

ADDENDA (2024-2025)



IES SALVATERRA DE MIÑO

Anualmente os centros de ensino de Galicia deben presentar unha addenda do Proxecto Lingüístico do centro, sempre e cando haxa algunha modificación no orixinal. Neste caso, o Proxecto Lingüístico do IES Salvaterra, foi aprobado no curso 2022 ata o 2026. Ten catro anos de vixencia.

O PLC pretende, sobre todo, fomentar a dinamización lingüística no centro, e debe ser unha acción planificada global e transversalmente, flexible, integrada, integradora, consensuada e adecuada á realidade educativa do momento.

Nesta addenda presentaremos as seguintes modificacións:

1º. REPARTO HORARIO GALEGO- CASTELÁN POR MATERIAS E CURSOS.

2º. ENQUISAS ACTUALIZADAS SOBRE A SITUACIÓN DO IDIOMA ENTRE O ALUMNADO.

3º. INFORMACIÓN SOBRE OS PROGRAMAS E ACTIVIDADES DESEÑADAS PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA REALIZADAS POLO CENTRO EDUCATIVO NO CURSO 2023/2024.

4º. INFORMACIÓN SOBRE OS PROGRAMAS E ACTIVIDADES DESEÑADAS PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA REALIZADAS POLO CENTRO EDUCATIVO NO CURSO 2024/2025.

ADDENDA (2024/25) AO PLC

1º REPARTO HORARIO DE GALEGO-CASTELÁN POR MATERIAS E CURSOS

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Artigo 70.

Impartiranse en galego: Ciencias sociais, xeografía e historia, Ciencias da natureza e Bioloxía e Xeoloxía.

Impartiranse en castelán: Matemáticas, Tecnoloxía e Física e Química.

1ºESO			
DEPARTAMENTO	MATERIA	HORAS	LINGUA
LINGUA GALEGA	LGL	4	GALEGO
BIOLOXÍA	BiXe	3	GALEGO
LINGUA CASTELÁ	LCL	3	CASTELÁN
FRANCÉS	2ºL. Francés	2	FRANCÉS
DEBUXO	EPVA	2	GALEGO
HISTORIA	XeH	3	GALEGO
INGLÉS	Ing	3	INGLÉS
EDUCACIÓN FÍSICA	EDFI	2	CASTELÁN
MATEMÁTICAS	Mat	5	CASTELÁN
TECNOLOXÍA	TeDi	3	CASTELÁN
RELIXIÓN/ PC	Rel. PC	1	GALEGO
TOTAIS		GALEGO: 13	CASTELÁN: 13
TITORÍA EN GALEGO			

2º ESO			
DEPARTAMENTO	MATERIAS	HORAS	LINGUA
LINGUA GALEGA	LGL	4	GALEGO
LINGUA CASTELÁ	LCL	3	CASTELÁN
FÍSICA E QUÍMICA	FQ	3	CASTELÁN
FRANCÉS	2ªL. FRANCÉS	2	FRANCÉS
HISTORIA	XeH	3	GALEGO
INGLÉS	Ing	3	INGLÉS
MÚSICA	Mús	2	GALEGO
EDUCACIÓN FÍSICA	EdFi	2	GALEGO
MATEMÁTICAS	Mat	5	CASTELÁN
TECNOLOXÍA	TeDi	3	CASTELÁN
RELIXIÓN/ PC	Rel/ PC	1	GALEGO
TOTAIS		GALEGO: 12	CASTELÁN:14

Nota: Só 2 das materias tiñan opcional a lingua. TITORÍA EN GALEGO.

3º ESO			
DEPARTAMENTO	MATERIAS	HORAS	LINGUA
LINGUA GALEGA	LGL	3	GALEGO
BIOLOXÍA	BiXe	2	GALEGO
LINGUA CASTELÁ	LCL	3	CASTELÁN
	Oratoria	3	CASTELÁN
FÍSICA E QUÍMICA	FQ	2	CASTELÁN
FRANCÉS	2ªL. Francés	3	FRANCÉS
	1ªL. Francés	3	FRANCÉS
DEBUXO	EPVA	2	GALEGO
HISTORIA	XeH	3	GALEGO

INGLÉS	Ing	3	INGLÉS
EDUCACIÓN FÍSICA	EdFi	2	GALEGO
MÚSICA	Mús	2	GALEGO
MATEMÁTICAS	Mat	4	CASTELÁN
FILOSOFÍA	EVCE	1	GALEGO
PC/ RELI	PC/ Rel	1	GALEGO
TECNOLOXÍA	EDUCACIÓN DIXITAL	3	CASTELÁN
LATÍN	Cultura Clásica*	3	GALEGO
TOTAIS		GALEGO: 19	CASTELÁN: 15

* Non se imparten no 2024/2025

En **amarelo** as materias optativas, que se cursan ao mesmo tempo. TITORÍA EN GALEGO.

3º ESO PDC			
DEPARTAMENTO	MATERIAS	HORAS	LINGUA
LINGUA CASTELÁ	ORATORIA	3	CASTELÁN
FRANCÉS	2ªL. FRANCÉS	3	FRANCÉS
DEBUXO	EPVA	2	GALEGO
INGLÉS	INGLÉS	3	INGLÉS
BIOLOXÍA	ÁMBITO CIENTÍFICO	8	2 GALEGO 6 CASTELÁN
LINGUA GALEGA	ÁMBITO LINGÜÍSTICO	9	6 GALEGO 3 CASTELÁN
EDUCACIÓN FÍSICA	EdFi	2	GALEGO
MÚSICA	Mús	2	GALEGO
FILOSOFÍA	EVCE	1	GALEGO
PC/ RELI	PC/ Rel	1	GALEGO
TECNOLOXÍA	EDUCACIÓN DIXITAL	3	CASTELÁN
LATÍN	CULTURA CLÁSICA*	3	GALEGO
TOTAIS		GALEGO: 19	CASTELÁN: 15

Algunhas das materias son compartidas con 3º ESO e a lingua vehicular debe ser a mesma.

* Non se imparten no curso 2024/2025

En **amarelo** as materias optativas, que se cursan ao mesmo tempo. TITORÍA EN GALEGO.

4º ESO			
DEPARTAMENTO	MATERIAS	HORAS	LINGUA
LINGUA GALEGA	LGL	3	GALEGO
	Oratoria	3	GALEGO
BIOLOXÍA	BiXe	3	GALEGO
LATÍN	Latín	3	GALEGO
	Cultura Clásica	3	GALEGO
LINGUA CASTELÁ	LCL	3	CASTELÁN
FÍSICA E QUÍMICA	FQ	3	CASTELÁN
FRANCÉS	2ªL. Francés	3	FRANCÉS
	1ªL. Francés	3	FRANCÉS
DEBUXO	Expresión Artística	3	CASTELÁN
HISTORIA	XeH	3	GALEGO
INGLÉS	Ing	3	INGLÉS
EDUCACIÓN FÍSICA	EdFi	2	CASTELÁN
MATEMÁTICAS	Mat A	4	CASTELÁN
	Mat B	4	CASTELÁN
TECNOLOXÍA	Dixitalización	3	CASTELÁN
	Tecnoloxía	3	CASTELÁN
MÚSICA	Música non bilingüe	3	GALEGO
	Música bilingüe*	3	INGLÉS
FILOSOFÍA	Filosofía	3	GALEGO
ECONOMÍA	Economía e empresa	3	CASTELÁN
	Formación e Orientación Persoal e Profesional*	3	GALEGO
PC/ RELIXIÓN	PC/ Relixión	1	GALEGO
TOTAIS		GALEGO: 22	CASTELÁN: 21

* Non se imparten no curso 2024/2025

En **violeta** materias **de opción 1** que se cursan ao mesmo tempo.

En **amarelo** materias **de opción 2** que se cursan ao mesmo tempo.

En **laranxa** materias **optativas** que se cursan ao mesmo tempo. TITORÍA EN GALEGO

4º ESO PDC			
DEPARTAMENTO	MATERIAS	HORAS	LINGUA
LINGUA CASTELÁ	ÁMBITO SOCIOLINGÜÍSTICO	9	6 GALEGO 3 CASTELÁN
MATEMÁTICAS	ÁMBITO CIENTÍFICO	10	4 GALEGO 6 CASTELÁN
FRANCÉS	2ªL. FRANCÉS	2	FRANCÉS
DEBUXO	Expresión artística	3	CASTELÁN
LATÍN	Latín	3	GALEGO
	Cultura Clásica	3	GALEGO
ECONOMÍA	Economía e empresa	3	CASTELÁN
INGLÉS	Inglés	3	INGLÉS
EDUCACIÓN FÍSICA	Educación Física	2	CASTELÁN
RELIXIÓN/ PC		1	GALEGO
TECNOLOXÍA	Dixitalización	3	CASTELÁN
	Tecnoloxía	3	CASTELÁN
MÚSICA	Música	3	GALEGO
FILOSOFÍA	Filosofía	3	GALEGO
LINGUA GALEGA	Oratoria	3	GALEGO
TOTAIS		GALEGO: 20	CASTELÁN: 20

Certas materias son compartidas con 4ª ESO, polo que a lingua vehicular debe ser a mesma.

En **amarelo** as materias **de opción** que se cursan ao mesmo tempo.

En **violeta** as materias **optativas** que se cursan ao mesmo tempo. TITORÍA EN GALEGO.

BACHARELATO

Artigo 80.

Cada centro educativo, establecerá unha oferta equilibrada na porcentaxe de materias comúns , de modalidade e optativas.

1º BACHARELATO / 2º BACHARELATO						
MATERIAS	1ºBACH	H-G	H-C	2º BACH	H-G	H-C
Bioloxía Xeoloxía e CC ambientais	G	4				
Historia do Mundo Contemporáneo	G	4				
Educación física	C		3			
Filosofía	C		3			
Debuxo Técnico I e II	G	4		G	4	
Física e química	C		4			
Latín I e II	G	4		G	4	
Grego I e II	G	4		C		4
Lingua Galega e literatura	G	3		G	3	
Lingua Castelá e literatura	C		3	C		3
Literatura Universal	C		4			
Primeira lingua estranxeira: Inglés I e II						
Primeira lingua estranxeira: Francés I e II						
Matemáticas I e II	G	4		G	4	
Matemáticas Aplicadas ás CCSS I e II	G	4		G	4	
Tecnoloxía e Enxeñaría I e II	C		4	C		4
Economía	C		4			
Relixión católica/ Obradoiro de Com. Oral e Escrita	C		1	C		1
Historia de España				G	3	
Historia da Filosofía				C		3
Historia da Arte				G	4	
Bioloxía				G	4	

Química				C		4
Empresa e deseño de modelos de negocio				C		4
Xeografía				G	4	
Optativa de 4 sesións	G	4		G	4	
TOTAL		15	14		18	11

En **amarelo** materias **obligatorias da modalidade 1º Bach** que se cursan ao mesmo.

En **laranja** materias **de opción da modalidade 1º Bach** que se cursan ao mesmo tempo.

En **violeta** materias **obligatorias de modalidade 2º Bach** que se cursan ao mesmo tempo.

En **verde** materias **de opción de modalidade 2º Bach** que se cursan ao mesmo tempo.

FORMACIÓN PROFESIONAL

Artigo 90.

Cada centro educativo establecerá unha oferta equilibrada de materias e módulos en castelán e galego que garanta que o alumnado acade a competencia lingüística propia do nivel nas dúas linguas oficiais.

En todos os módulos garantirase que o alumnado coñeza o vocabulario específico nas dúas linguas.

1º FPB: CARPINTARÍA		
DEPARTAMENTO	HORAS	LINGUA
COM CIENCIAS SOCIAIS I	4	GALEGO
INGLÉS	2	INGLÉS
CIENCIAS APLICADAS I	5	CASTELÁN
OPER. BAS. ME	10	GALEGO
INST. ELEM. C	5	CASTELÁN
MATER. PTOS T	3	CASTELÁN
IT. PERS. EMP	2	CASTELÁN
TOTAIS:	GALEGO: 14	CASTELÁN: 15

DEPARTAMENTO	HORAS	LINGUA
COM CIENCIAS SOCIAIS II	4	GALEGO
INGLÉS	2	INGLÉS
CIENCIAS APLICADAS II	4	CASTELÁN
ACAB. BAS. MA	8	CASTELÁN
ATENC. CLIENTE	3	2 GALEGO 1 CASTELÁN
TAPIZ. MOBLES	7	GALEGO
TOTAIS:	GALEGO: 13	CASTELÁN: 13

1º FPM: SOLDADURA			
MÓDULO	SESIÓNS	GALEGO	CASTELÁN
INGLÉS PROF. (ing)	2		
IT. PERS. EMP.	4	4	
SUST. APLICAD.	1		1
INT. GRAF.	5		5
TRAZADO	8	8	
MECANIZADO	5	5	
SAN	11		11
HORAS		17 (50%)	17 (50%)

2º FPM: SOLDADURA			
MÓDULO	SESIÓNS	GALEGO	CASTELÁN
METROLOXÍA	7		7
SAP (ing)	15		
MONTAXE	11	11	
EMPRESA	3		3
HORAS		11 (51%)	10 (49%)


2º ENQUISAS ACTUALIZADAS SOBRE A SITUACIÓN DO IDIOMA GALEGO

No curso 2023/24 o servizo de EDLG do IES Salvaterra de Miño deseñou unhas novas enquisas para avaliar a situación sociolingüística do alumnado do centro, xa que as anteriores databan do ano 2018. Certo é que soamente diriximos o foco cara ao alumnado, mais continuaremos analizando a situación da lingua entre o claustro, familias e equipo non docente.

Manexáronse varias preguntas como se pode comprobar nas enquisas presentadas:


RESULTADOS DA ENQUISA SOCIOLINGÜÍSTICA AO ALUMNADO CURSO 2023/2024

Indica o teu curso
214 respostas




Onde vives?

214 respostas




Lingua inicial. En que lingua aprendiches a falar?

214 respostas




Que lingua falas habitualmente coa túa familia?

212 respostas



Que lingua falas habitualmente coa túa familia?

212 respostas




- Só galego
- Máis galego ca castelán
- Máis castelán ca galego
- Só castelán
- portugues
- arabe
- portugués
- as duas

▲ 1/3 ▼

En que lingua che falan na casa (1ºResponsable)?

214 respostas




- Só galego
- Máis galego ca castelán
- Máis castelán ca galego
- Só castelán
- Ningunha
- Portugués
- portugues
- arabe

▲ 1/3 ▼

En que lingua che falan na casa (Outro responsable)?

211 respostas





- Só galego
- Máis galego ca castelán
- Máis castelán ca galego
- Só castelán
- Ningunha
- portugues
- Portugués
- arabe

▲ 1/3 ▼


En que lingua che falan teus avós?

212 respostas




Que lingua falas habitualmente coas túas amizades?

214 respostas




En que lingua te desenvolves mellor para falar?

214 respostas




En que lingua te desenvolves mellor para escribir?

214 respostas




En que lingua te desenvolves mellor para ler?

214 respostas




Valora esta afirmación: o galego é unha lingua útil

214 respostas




Valora esta afirmación: en Galicia debería usarse máis o galego

214 respostas




Valora esta afirmación: O acento galego é propio de xente bruta

214 respostas



Consideras que unha persoa que fala galego faino porque non sabe falar outra lingua

214 respostas



Tras analizar os resultados da última enquisa (outubro 2024) publicada polo Instituto Galego de **Estatística** (IGE) e examinados os datos que descobre a enquisa realizada durante o curso 23-24, no IES Salvaterra de Miño, sobre os hábitos lingüísticos do alumnado, debemos concluír que o idioma galego en Galicia atópase en declive debido a un proceso de substitución lingüística. Tendo en conta os datos podemos corroborar:

- Pésima situación da lingua entre o alumnado do noso centro, a pesares de pertencer a un ámbito moito máis rural ca urbano.
- Alta porcentaxe de casteláns falantes por enriba dos galego-falantes.
- Perda da transmisión xeracional do idioma entre as familias.
- Presenza de vellos e novos prexuízos lingüísticos. Asociación do galego coa incultura, o galego pouco útil para a comunicación, o galego non é unha lingua axeitada ó entretemento...
- Recoñecemento da competencia comunicativa en castelán.

Non hai neste proceso unha causa natural, inherente á lingua, nin tampouco inevitable, senón que é o resultado dun proceso deseñado e dirixido politicamente.

Conscientes e firmemente **convencidas** de que o ensino público debe ter especial sensibilidade e contribuír, na medida do posible, á corrección de situacións de

desigualdade e derruba de estereotipos, propoñemos esta distribución de uso, no ámbito académico, das linguas cooficiais de Galicia, coa fin de paliar a situación de desvantaxe do galego.

O número de horas nalgúns niveis en favor do galego non debe interpretarse como privilexio, pois non podemos chamar privilexio cando o galego parte dunha situación de inferioridade respecto ao castelán, é dicir, o punto de partida de ambas as linguas é desigual. A repartición do horario que aquí se propón quere, en definitiva, ser un factor de corrección desta situación.

3º INFORMACIÓN SOBRE OS PROGRAMAS E ACTIVIDADES DESEÑADAS PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA REALIZADAS POLO CENTRO EDUCATIVO NO CURSO 2023/2024.

Taboleiro da lingua: Serviu para ir anunciando actividades do EDNL e para facer campañas (Día da Paz, refráns e ditos populares, música en galego, concursos de debuxo, de relatos, etc)

Magosto: O EDNL propuxo ao equipo de radio a emisión de música en galego, montou xogos populares, xadrez e obradoiro de baile galego.

Sesión de tarde do **cinema** galego: O mércores 20 de decembro nas sesións da tarde presentamos películas na nosa lingua para os diferentes cursos.

Campaña “Aquí tamén se fala galego”: Por proposta da profesora Esther Álvarez participamos nesta campaña xunto con moitos outros centros galegos. Visitamos a vila de Salvaterra para “decorala” cos nosos carteis, convidando a falar galego. Participou o alumnado de 4º ESO. Obxectivo: dinamizar a lingua galega na vila de Salvaterra.

Día de Rosalía de Castro: A profesora, Hilaria deseñou varias actividades para o Día de Rosalía. Elaboración dunha pancarta coa figura de Rosalía para pendurar no concello de Salvaterra e lectura de diferentes poemas da autora na praza do concello e na residencia de maiores do municipio. A profesora Esther Álvarez gravou varios podcast co alumnado de 4º de PDC, sobre a figura de Rosalía de Castro.

Correlingua: Nesta actividade, que se fixo en Vigo, aproveitamos para facer un paseo polo río Lagares e unha visita á praia de Samil.

Divulgación no centro sobre **Luísa Villalta**: Alumnado voluntario de 4º ESO, xunto cos profesores Eva, Breixo e Esther prepararon unha presentación sobre Luísa Villalta. O martes 28 de maio nas 2 últimas sesións foron explicándoa polas diferentes aulas do centro.

Actuación de “**Ce Pantasma**”:

A actuación musical de “Ce Pantasma” amenizou as últimas sesións do xoves 28 de maio.

Festa das letras e inauguración patio inclusivo: O mércores 29 de maio nas dúas sesións da tarde celebramos a nosa 1ª Festa das Letras 2024. Pandeireteiras, micro-teatros, baile e Banda de de Salvaterra. Valoración positiva, sobre todo porque os medios eran moi limitados.

4º INFORMACIÓN SOBRE OS PROGRAMAS E ACTIVIDADES DESEÑADAS PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA REALIZADAS POLO CENTRO EDUCATIVO NO CURSO 2024/2025.

Nalgunhas actividades que describimos poderán participar todo o alumnado; noutras, polas propias características dos traballos, teremos que elixir un determinado nivel ou grupo, procurando que todos os cursos participen equitativamente.

Teatro no IES Salvaterra de Miño: Consideramos que esta actividade permite visibilizar a importancia da lingua galega nos labores culturais propios e prestixiala notablemente entre o alumnado participante e espectador.

A peza que será traballada este ano, leva por título Planeta Bugallo de Raquel Castro. Esta obra íase estrear o curso pasado, pero por motivos temporais non deu tempo. A intención é facela este curso, co alumnado de Oratoria e en colaboración co Departamento de Lingua galega e Literatura. Ademais, aproveitamos que neste curso escolar, as bibliotecas escolares traballarán entorno ao teatro. Tamén temos intención de representar outras obras teatrais, aproveitando o club de teatro deste ano.

En relación ao teatro, e procurando a relación doutras entidades do contorno, convidaremos, outro ano máis, ao Grupo Teatral “Dramiño” do concello de Salvaterra, onde participan ex- alumnos e alumnas do centro.

Semana do cinema en galego: Desde o equipo de EDLG deseñamos unha semana para o cinema galego, este ano será o mércores 18 de decembro. O obxectivo é achegar o cine en galego ao alumnado, tanto a ESO coma Bach. Sen concretar as películas.

Obradoiros de Regueifas: Da man do Departamento de Lingua galega e Literatura, o alumnado de 2º ESO participará nun obradoiro, subvencionado pola Deputación de Pontevedra. A actividade levarase a cabo no mes de outubro e a rapazada aprenderá a elaborar regueifas.

Correlingua: No mes de maio o alumnado de 1ª ESO participará no Correlingua 2025. Como preparación para esta actividade, uns días antes traballárase na clase co alumnado participantes co fin de que tomen conciencia de que, máis alá do carácter festeiro, obxectivo principal do Correlingua é a reivindicación do uso do galego por parte das capas máis novas da sociedade, que debe ter o seu papel no labor normalizador, tanto na vida escolar coma na privada.

Concurso “Pasalettra”: Coma todos os anos, celebramos o “Pasalettra”, un concurso inspirado no televisivo Pasapalabra, no que participa o alumnado de 1º e 2º ESO. Esta actividade, organízase desde o Departamento de Lingua galega e Literatura. Os gañadores recibirán cadanseu agasallo.

Celebración de distintas festividades anuais: Ao longo do curso pretendemos levar a cabo actividades de dinamización lingüística relacionadas coas celebracións máis importantes do ano:

MAGOSTO: Venres 8 de novembro. Un equipo formado por Eva (LG) e Nieves montarán un obradoiro de baile galego. Colaboración de alumnado voluntario que teña coñecementos de música e baile.

SAMAÍN: Posible concurso de relato en colaboración coa biblioteca.

ENTROIDO: Venres 28 febreiro. Organización de comparsas e coplas. Actividade das coplas pensada para parellas TEI. Andrés e os titores/as de 1º e 3º de ESO montarán esta tarefa. As comparsas serán organizadas por cada titor/a e o seu grupo.

SEMANA CULTURAL. Semana que coincide co día das Letras Galegas 2025.

Club de lectura: Pretendemos aproveitar a existencia do Clubs de lectura do centro para potenciar a presenza do galego entre o alumnado. Este curso, en colaboración coa biblioteca, temos os seguintes clubs de lectura: teatro, novela e banda deseñada.

As accións de dinamización integradas no club son:

- a. Favorecer a presenza de títulos en galego como propostas de traballo.
- b. Organizar algunha charla con algún escritor próximo que fose traballado nas sesións do club.
- c. Organizar intercambios cos centros educativos da contorna. (CLUBS DE LECTURA)

Participación na Radio na biblioteca Radio Urraca: Un lugar para potenciar a lingua galega. Traballaremos diferentes contidos, elaborando programas orixinais, relacionados coa contorna e coas efemérides que celebraremos ao longo do curso. A radio estará presente nos tempos de lecer e apostará pola música e os contidos en galego. Cabe a posibilidade de facer varios obradoiros de radio, ao igual que anos anteriores.

Celebración da Semana da Ciencia: Durante a 2ª avaliación celebraremos a Semana da Ciencia para todos os cursos. Potenciaremos a lingua galega en: carteis, exposicións, visitas, explicacións...

Visitas de escritores e escritoras traballadas como lecturas obrigatorias: En colaboración coa biblioteca e os Departamentos interesados, facemos un convite a distintos autores do panorama literario actual galego. Serán visitas ao longo de todo o curso.

Apoio lingüístico aos membros da comunidade educativa: Como vén sendo habitual, o EDLG ofrece asesoramento lingüístico a calquera membro da comunidade educativa que o precise, así como o material que estea ao noso dispor para favorecer o emprego da nosa lingua en todo momento.

Actualizacións das redes sociais: O Equipo de Dinamización e Normalización da Lingua Galega dispón dun Blog e dun Instagram para difundir as actividades complementarias

e extraescolares. Búscase crear un espazo de contidos relativos tanto á normalización social da lingua como ao seu prestixio. Colaborarase na difusión das actividades complementarias e extraescolares do centro. Manuel Rosende encargárase de publicar os materiais.

Voluntariado do EDNL: No curso pasado houbo alumnado voluntario que traballou arreo para organizar actividades e saídas. Nunha “convocatoria pública de emprego” chamaremos á participación.

Taboleiro da lingua: Anunciar noticias relacionadas coa cultura e lingua galega. Premios, concursos literarios e demais.

Salvaterra, 25 de outubro de 2024

María Ogando Bautista

Nieves Groba Ucha

Esther Álvarez Fernández

Xefa Departamento
Lingua castelá e Literatura

Coordinadora EDNLG

Xefa de Departamento
Lingua galega e Literatura